

EROSKI DOA MÁIS DE 2.500 TONELADAS DE ALIMENTOS NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO GRAZAS AO SEU PROGRAMA "DESPERDICIO CERO"

- **Este programa garante que non se desbote ningún alimento apto para o consumo nas tendas EROSKI e que se lles doe a organizacións sociais**
- **Os alimentos doados son produtos frescos e de alimentación retirados dos lineais para cumprir co compromiso de frescura cos clientes, ou cun envase que presenta algunha pequena deficiencia**
- **EROSKI súmase á conmemoración do Día Internacional de Concienciación sobre a Perda e Desperdicio Alimentario con contidos específicos**

Elorrio, 30 de setembro do 2020.- [EROSKI](#) doou máis de dúas mil cincocentas toneladas de alimentos destinadas aos colectivos máis desfavorecidos durante o primeiro semestre do 2020 a través do seu programa "Desperdicio Cero" polo que garante que non se desbote ningún elemento apto para o consumo nas súas tendas e que se lles entregue a organizacións sociais do contorno próximo de cada tenda. Grazas a este programa lógrase anualmente unha cifra equivalente ao consumo de alimentos para 5.000 familias. Para desenvolver este programa, EROSKI colabora coa Federación Española de Bancos de Alimentos -dende 1996- e mais con Cáritas, a Cruz Vermella, a Asociación Reto á Esperanza, entre moitas outras entidades sociais que axudan a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión.

A cooperativa foi recoñecida co "Premio Espiga de Ouro", o máximo galardón que lles outorga a FESBAL a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

"Os alimentos desperdicianse en toda a cadea: produción, almacenamento, transformación, distribución... Como parte integrante nesta cadea, en EROSKI propoñémonos non desperdiciar ningún produto alimenticio apto para o consumo", sinala o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

EROSKI desenvolveu un protocolo de actuación que vela escrupulosamente pola seguridade alimentaria dos produtos doados. No caso dos alimentos frescos garante

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

o mantemento axeitado da cadea de frío tamén na entidade receptora da doazón, que debe asegurar que cumpre as mesmas garantías no seu transporte e instalacións.

Os alimentos doados son produtos frescos e de alimentación que EROSKI retira dos seus lineais para cumprir o seu compromiso de frescura máxima cos seus clientes, ou simplemente porque o seu envase presenta unha pequena deficiencia como pode ser un simple golpe ou rotura da embalaxe que impide a súa venda. Todos os alimentos que doa EROSKI están sempre dentro da data de caducidade ou de consumo preferente e en perfecto estado.

"Desperdicio cero" entre os 10 Compromisos de EROSKI

O alcance do programa, amais da redución do desperdicio alimentario vinculada a un fin solidario de doazón, persegue tamén potenciar un modelo de economía circular. Por iso, cada ano EROSKI dálles unha segunda vida a 5.000 toneladas de alimentos que destina á produción de fariñas e aceites animais e de pensos para a alimentación animal. O obxectivo de desperdicio cero recóllese dentro dos 10 compromisos de EROSKI pola saúde e a sustentabilidade, que inclúen tamén a promoción do consumo responsable e unha alimentación sostible. *"Desenvolvemos tamén diversas campañas de concienciación ao consumidor para impulsar a reflexión sobre o desperdicio de alimentos no fogar e para que coñeza o xeito de evitar a dilapidación e se sume ao compromiso EROSKI de desperdicio cero"*, detalla Martínez Berriochoa. *"Poñemos á súa disposición coñecementos, recursos e ferramentas prácticas para racionalizar a súa compra, aproveitala ao máximo e minimizar a dilapidación alimentaria, co conseguinte aforro que iso lle comporta á sociedade e á economía das familias"*.

O Grupo EROSKI súmase á terceira edición da Semana Contra o Desperdicio Alimentario promovida pola Asociación de Empresas de Gran Consumo AECOC, que levará a cabo ata o vindeiro domingo 4 de outubro, coincidindo coa primeira celebración do Día Internacional de Concienciación sobre a Perda e o Desperdicio Alimentario, decretado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas para o martes 29 de setembro.

As distintas canles do Grupo EROSKI programarán contidos específicos sobre o "Desperdicio Cero" ao longo da semana, onde será posible participar nun concurso a través da web corporativa e coñecer máis sobre o labor do Grupo nesta materia.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



Vegalsa-Eroski e Caprabo tamén se suman a esta iniciativa a través de publicacións en redes sociais, concursos e campañas de concienciación.

A revista Consumer EROSKI, ademais, ofrecerá na súa web a reportaxe "10 consellos para non guindar a comida e educar os nenos no consumo responsable".

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)